

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRAVÍAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE

ARTIGO 1º. - NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do Texto Refundido 2/2004, de 5 de marzo, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a modificación da Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, tránsito polas vías peonís para acceder a garaxes, aparcamentos, establecemento de actividades mercantís, industriais, ou de servicios, carga ou descarga de mercaderías de calquera clase, con u sen reserva de espacio, que se rexera pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

2.1.- Constitúen o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal con entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras reservas análogas (art. 20.3 do TRLFL).

2.2. Estan suxeitos a esta taxa:

- a) Reservas permanentes para entrada e saída de vehículos en edificios, soares, fabricas, talleres e en xeral, en inmobles de calquera destino, feita a traves de terreos destinados a uso público.
- b) Reservas de carácter temporal para diversas actividades mercantís, industriais, comerciais ou de servicios ou obras de edificación.
- c) Vado e paso de vehículos en rúas peonís.

ARTIGO 3º.- OBRIGACIÓNS DO TITULAR.

3.1.- DE VADOS:

O titular do vao ou a comunidade de propietarios correspondente, seralle de aplicación as seguintes obrigacións:

3.1.1.a.- Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial regulado nesta ordenanza leve aparellada a destrucción ou deterioro do pavimento ou instalacións da vía pública, o beneficiario, sen perxuízo do pago da taxa á que houbera lugar, estará obrigado a realiza-lo pola súa conta é a súa costa nas condicións establecidas nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal. Estas obras, en todo caso, deberán estar expresamente autorizadas polo Concello e realizadas baixo a Oficina Técnica Municipal.

3.1.1.b.- A limpeza dos accesos ó inmovible de graxa, aceites u outros elementos producidos como consecuencia da entrada e saída de vehículos.

3.1.1.c.- Colocar a sinal de vao permanente en zona visible da porta de entrada ou saída do inmovible, preferentemente no lateral dereito ou no seu defecto, na zona central superior da fachada da

porta. Excepcionalmente, naqueles inmobles con accesos de longo recorrido, que se coloque en barra vertical.

3.1.1.d.- A adquisición da sinal de vao aprobada polo Concello.

3.1.2.- Non se permitirá o acceso a garaxes, aparcamentos ou locais mediante a colocación de ramplas ou elementos similares, provisionais ou definitivos ocupando a calzada ou a beirarrúa. Nos casos nos que polos servizos técnicos municipais se indique a necesidade de proceder á práctica do rebaixe do bordillo, levarase a cabo polo interesado e a súa custa nas condicións establecidas nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal. Estas obras, en todo caso, deberán estar expresamente autorizadas polo Concello e realizadas baixo a supervisión da oficina técnica municipal.

3.1.3.- Naqueles casos, nos que fora necesario prohibir tamén o estacionamento na parte de enfrente do vado para permitir a maniobrabilidade do vehículos, será necesario a previa solicitude do interesado, que deberá ser informada pola oficina técnica municipal e pola Policía Local, antes de resolver tal petición.

ARTIGO 4º. SUXEITOS PASIVOS.-

4.1.- Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei Xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

4.2.- Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte desta taxa os propietarios dos terreos e locais ós que den acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 5º. RESPONSABLES.-

5.1.- Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41.1 é 42 da Lei Xeral Tributaria.

5.2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 6º. COTA TRIBUTARIA.-

6.1.- A cota se esixirá segundo figura no anexo desta ordenanza.

6.2.- Na queles casos que a tarifa veña determinada en función do número de prazas ou por metros de local, se considerará como tal o maior dos seguintes apartados:

6.2.1.- O número de prazas en que se encontre efectivamente dividido o local.

6.2.2.- O resultado de dividir entre 20 a superficie total, en metros cadrados, do mesmo, incluíndo rampas, zonas comúns, etc.

ARTIGO 7º. BENEFICIOS FISCAIS.-

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 8º. PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO.-

8.1.- Para os aproveitamentos permanentes, a taxa devengarase o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

8.2.- Nos supostos de novos aproveitamentos ou cese dos mesmos, durante o período impositivo, a taxa devengarase o primeiro día do semestre, no que se conceda a autorización.

8.3.- Nos servizos de retribución puntual, no momento de presentala solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.

ARTIGO 9º. XESTIÓN E DECLARACIÓN.-

9.1.- Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

9.2.- Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exaccións municipais.

9.3.- Si se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 10º. INGRESO.-

10.1.- O pagamento desta taxa realizarase:

10.1.1.- Nas liquidacións de contraído previo, nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

10.1.2.- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

ARTIGO 11º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.-

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 12º. NORMAS DE XESTIÓN.-

12.1.- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude coa seguinte documentación:

A) Para Vados:

- a) Plano de situación a escala 1:2.000 da cartografía municipal.
- b) Plano da fachada do inmovible con acotacións expresas da entrada solicitada a escala 1:50.
- c) Plano de planta e número de prazas existentes por planta.
- d) Fotografía da fachada do inmovible.
- e) Licencia de obras e primeira ocupación cando neles conste expresamente zona o reserva de aparcamento.
- f) Licencia de habilitación do local para garaxe (cando requira obra).
- g) Licencia de modificación de uso (cando no requira obra).
- h) Xustificante de ingreso da taxa, efectuada en calidade de depósito previo.

B) Para Carga e Descarga:

- a) Plano de situación a escala 1:2.000 da cartografía municipal.
- b) Plano da fachada do inmovible con acotacións expresas da entrada solicitada a escala 1:50.
- c) Fotografía da fachada do inmovible.
- d) Fotocopia da licenza de apertura polo que respecta a actividades mercantís, industriais, comerciais ou de servizos e fotocopia da Declaración Censal, correspondente o local.

12.2.- Cando os documentos esixidos sexan expedidos pola Administración actuante, poderá suplirse a súa achega cando así o faga constar o interesado e facilite os datos necesarios para a localización e verificación da súa existencia pola Administración e outorgaranse trala comprobación dos documentos presentados e emitidos os informes favorables polos servizos técnicos correspondentes.

12.3.- Solicitada a ocupación por medio de instancia dirixida á Alcaldía e achegados os documentos precisos para poder resolver, procederase á tramitación do expediente, adoptando acordo pola Alcaldía, notificarase ó interesado e comunicarse ós servizos municipais encargados da súa execución.

12.4.- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.


12.5.- Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado ou ben sexa declarada a súa caducidade. As baixas producirán efectos a partir do semestre seguinte a aquel en que se solicita.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenza a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.-

O Alcalde,

A secretaria.



ANEXO

1º.- A tarefa que se aplicará para esta taxa, será a seguinte:

- | | |
|---|---------------------------------------|
| a) Reserva para taxis, con parada na vía pública (anual)..... | 22,00 €.- |
| b) Entrada de vehículos a garaxes ou locais de particulares, cun máximo de cinco metros (anual)..... | 20,00 €.- |
| c) Por cada vehículo/praza de garaxe, en Comunidade de Propietarios, garaxes e aparcamentos (non públicos) (anual)..... | 9,00 €/praza. |
| d) Talleres e similares que non se adiquen a garaxe público, como actividade principal (anual)..... | 35,00 €.- |
| e) Zona de carga e descarga con horario limitado | 30,00 €/metro lineal ou fracción/ano. |

3. Nº 8: *Taxa por Ocupación de Terreos de Uso Público Municipal con Mercadorías, Materiais de Construccións, Refugallos, Valados, Puntais, Anillas, Andamios e Instalacións Análogas*

A N E X O

As tarifas que se aplicarán para a exacción desta taxa serán as seguintes:

<u>Conceptos</u>	<u>Euros</u>
a) Ocupación da vía pública ou terreos de uso público con escombros, materiais de construción, vagonetas metálicas "containers", para a recollida ou depósito dos mesmos, así como mercadorías. (Os primeiros 8 días sen taxa, a partires do noveno día, ó mes) .	41,88
b) Ocupación da vía pública o terreos de uso público con valados, caixóns de cerramento, sexan ou non para obras e outras instalacións análogas. (Por metro cadrado ó trimestre ou fracción)	8,38
c) Cuota mínima (o trimestre ou fracción)	31,48

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 31 de outubro de 2008, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

4. Nº 11: *Taxa por Entradas de Vehículos A Través da Beirarúas e Reservas de Vía Pública para Aparcamiento Exclusivo, Parada de Vehículos, Carga e Descarga de Mercaderías de calquera clase.*

A N E X O

As tarifas que se aplicarán para a exacción desta taxa serán as seguintes:

<u>Conceptos</u>	<u>Euros</u>
a) Reserva para taxis, con parada na vía pública ó ano	23,04
b) Entrada de vehículos a garaxes ou locais de particulares, cun máximo de cinco metros, ó ano.	20,94
c) Por cada vehículo/praza de capacidade en garaxes	9,42
d) Talleres e similares que non se adiquen a garaxe público como actividade principal	36,64
e) Zona de carga e descarga con horario limitado (metro lineal ou fracción/ano)	31,41

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 31 de outubro de 2008, entrará en vigor o

día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

5. Nº 13: *Taxa por servizos de Distribución de Auga, Gas, Electricidade e outros abastecementos Públicos, incluídos os Dereitos de Enganche de Liñas e Colocación e Utilización de Contadores e instalacións Análogas, cando tales Servizos ou Subministrados sexan prestado Pola Entidade Local.*

A N E X O

As tarifas que se aplicarán para a exacción desta taxa serán as seguintes:

A) VIVENDAS E LOCAIS COMERCIAIS. TARIFA ÚNICA:

<u>Conceptos</u>	<u>Euros</u>
a) Mínimo mensual 5 m3 (€/mes).	1,50
b) De máis de 5 m3 a 30 m3 (€/mes)	0,25
c) Exceso de 30 m3 (€/mes)	0,35

B) CONEXIÓN Á REDE XERAL

- Inclúese contador accesorios deste é 3 m. de tubería como máximo 251,73

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 31 de outubro de 2008, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

6. Nº 16: *Taxa por Ocupación de Terreos de Uso Público Municipal con Mesas, Cadeiras, Tribunas, Taboados e Outros Elementos Análogos, con Finalidade Lucrativa.*

A N E X O

As tarifas que se aplicarán para a exacción desta taxa serán as seguintes:

<u>Conceptos</u>	<u>Euros/Tempada</u>
— Ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa (€/mesa).	15,74

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 31 de outubro de 2008, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación a partir do 1 de